

Memoria **xustificativa** dun **convenio** de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o **Concello de Baños de Molgas** para a execución do proxecto denominado **Construción dunha nave municipal para os servizos de medio ambiente e emerxencias**

## 1. Departamento que tramita o convenio

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local, de conformidade co previsto no Decreto 136/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 101, do 27 de maio).

Dentro deste departamento, as competencias en materia de Administración local están atribuídas á Dirección Xeral de Administración Local. A este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

## 2. Antecedentes

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ten previsto asinar co Concello de Baños de Molgas un convenio para a execución do proxecto denominado Nave municipal para os servizos de medio ambiente e emerxencias.

Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre os que se atopan a protección do ambiente.

Pola súa banda, a Comunidade Autónoma de Galicia ten como obxectivo o desenvolvemento equilibrado do territorio galego, do medio rural e do urbano, do interior e da faixa costeira, que permita o progreso económico da totalidade do territorio e que a cidadanía galega teña unhas óptimas condicións de vida, con independencia do seu lugar de residencia, potenciando e apoiando a prestación de servizos por parte dos nosos concellos que son a Administración máis próxima aos administrados.

O obxectivo común é conseguir ou mellorar o funcionamento dos servizos e das infraestruturas municipais, de forma que os concellos poidan prestar servizos de calidade á veciñanza con independencia do seu lugar de residencia, coa finalidade de garantir a calidade ambiental, a prevención e mitigación de efectos adversos sobre o ambiente ou a atención ás emerxencias.

O artigo 25.5 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental dispón que a distribución anual do Fondo regularase mediante orde ditada pola consellería competente en materia de réxime local, na que tamén se establecerán os criterios de repartición, os entes locais beneficiarios e as actuacións ás que se destinará a parte do fondo que non estiver



destinada ás entidades cuxo termo municipal se atope dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico ou resulten afectadas polas correspondentes instalacións de conexión.

Para tal fin, mediante a Orde do 16 de xaneiro de 2026 reguláronse os criterios de repartición do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2026 e as actuacións ás que se destina, aplicándose parte do Fondo a actuacións específicas de protección do ambiente, é dicir, aquelas que teñen por obxecto a conservación da biodiversidade, o coñecemento e utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais e máis a recuperación do medio natural degradado ou contaminado, incluídas aquelas que teñen por obxecto a prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou de risco (artigo 2.1.c).

Desde o punto de vista orzamentario, no proxecto 2015 00168 existe un saldo de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na colaboración coas entidades locais de Galicia apoiando aquelas actuacións de creación e/ou mellora de infraestruturas e equipamentos para a prestación de servizos municipais que teñan como finalidade a realización de actuacións específicas de protección do ambiente.

### **3. Finalidade**

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Baños de Molgas instrumento convencional ao que se refire esta memoria, por un período de vixencia que abrangue desde o día da súa sinatura ata o 1 de decembro de 2027.

### **4. Obxecto do convenio**

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Baños de Molgas para a execución do proxecto denominado Nave municipal para os servizos de medio ambiente e emerxencias.

### **5. Fundamentos do convenio**

O Concello de Baños de Molgas manifestou a necesidade extraordinaria e urxente de asistencia por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para acometer o proxecto denominado Nave municipal para servizos de medio ambiente e emerxencias este proxecto ten por obxecto a construción dunha nave para centralizar os recursos e medios municipais dos servizos de medio ambiente e emerxencias, esta nave será a base operativa de Protección Civil.

No mes de marzo de 2025 un temporal de vento e choiva causou graves danos na nave que Concello de Baños de Molgas tiña alugada para albergar todo o material dos servizos de medio ambiente e emerxencias, a cuberta sufriu importantes desprendementos, producíronse filtracións de auga que afectaron á instalación eléctrica e ao estado dos bens almacenados. Así mesmo, a estrutura metálica da nave quedou comprometida a consecuencia do desprazamento das cerchas metálicas e das fendas dos muros laterais nas zonas de ancoraxe

Esta circunstancia obrigou a redistribuír a maquinaria e materiais en diferentes instalacións municipais alleas a esta finalidade, como o baixo da Casa do Concello, a aula multiusos, o polideportivo e mesmo os baixos particulares de traballadores municipais, o que está a provocar importantes dificultades operativas, o risco de deterioro dos bens e unha evidente falta de seguridade pola dificultade de mobilizar, nestas circunstancias, aos efectivos e o material necesario para calquera intervención de emerxencias.



A reparación cuantiosos danos sufridos pola nave suporía un investimento desproporcionado para unha edificación moi antiga que non cumpre cos estándares funcionais e de seguridade esixibles. Por outra banda, non existe no mercado inmobiliario unha nave, nin para aluguer nin para a adquisición en propiedade, coas características necesarias para afectala aos servizos de medio ambiente e emerxencias. Esta situación fai necesario proceder de inmediato a construción dunha nave municipal para os servizos de medio ambiente e emerxencias.

A situación descrita esixe unha intervención inmediata executando unha nova nave para o que o Concello precisa a colaboración económica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes que lle permita financiar a nova infraestrutura e restituír a capacidade operativa municipal.

O Concello de Baños de Molgas dispón dun terreo de titularidade municipal axeitado para implantar a nova infraestrutura circunstancia que, xunto coa necesaria colaboración económica, garantirá a construción da nave municipal para o servizo de medio ambiente e emerxencias e dará solución a complicada situación na que se atopan estes servizos.

A necesidade da colaboración solicitada á Consellería acentúase pola confluencia doutros factores. Por unha banda, na actualidade non hai ningunha convocatoria en concorrencia á cal se poida acoller este proxecto nin se prevé nas próximas datas.

Por outra banda, a falta de recursos dun pequeno concello para poder acometer as devanditas actuacións, nun marco orzamentario restritivo, de austeridade e control do gasto público e necesariamente estable por imperativo legal para as entidades que integran a Administración local, configura un contexto do cal se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade para o Concello de Baños de Molgas de afrontar en solitario os compromisos económicos que a indispensable execución das actuacións obxecto de subvención, representan para a Facenda local.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa a acción de fomento da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes respecto da execución dunhas actuacións imprescindibles para o normal funcionamento da entidade local, que lle permitan exercer as competencias e prestar os servizos que a normativa básica en materia de réxime local lles atribúe aos concellos, como Administración máis próxima aos administrados; así mesmo, correspóndese con actuacións financiáveis de conformidade cos criterios e obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental e co proxecto orzamentario 2015 00168 Outras actuacións específicas de protección do ambiente.

A conxuntura descrita, a necesidade extraordinaria de asistencia manifestada polo Concello de Baños de Molgas e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos municipais sobre os cales se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, unido ao cumprimento dos obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican recorrer ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Baños de Molgas.

## 6. Aplicación orzamentaria e importe

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Administración Local, achegará a cantidade máxima de OITENTA MIL EUROS (80.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.04.141A.761.1 (C.P. 2015 00168) coa seguinte distribución por anualidades:



| Entidade                    | 2026              | %<br>financiamento<br>2026 | 2027              | % financiamento<br>2027 | Total<br>financiamento | % de<br>financiamento |
|-----------------------------|-------------------|----------------------------|-------------------|-------------------------|------------------------|-----------------------|
| Concello de Baños de Molgas | 107.780,89        | 60,63%                     | 103.320,67        | 91%                     | 211.101,56             | 72,52%                |
| Xunta de Galicia            | 70.000,00         | 39,37%                     | 10.000,00         | 9%                      | 80.000,00              | 27,48%                |
| <b>TOTAIS</b>               | <b>177.780,89</b> |                            | <b>113.320,67</b> |                         | <b>291.101,56</b>      |                       |

Os importes orzados para cada anualidade non superan os limiares sinalados no segundo parágrafo do artigo 58.3, do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, é dicir, non exceden o resultado de lle aplicar ao crédito inicial, a nivel de concepto, a porcentaxe do 70% no exercicio inmediato seguinte.

Pola outra banda, cómpre sinalar que a cantidade orzada para os cada un dos dous anos aos que se estende a execución material non é inferior ao 10% do importe total do expediente de gasto, é dicir, 29.110,16 €, sendo o importe máis baixo o que corresponde co exercicio 2027. Este ascende a 113.320,67€ e supón máis do 38% sobre o total, xa que logo, é unha porcentaxe superior á indicada do 10%.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto nos artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Este convenio regula a concesión dunha subvención que implica a asunción de obrigas de carácter plurianual. Xa que logo, require autorización previa do Consello da Xunta de Galicia en cumprimento do establecido no artigo 40.3 do decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica  
A directora xeral de Administración Local

Natalia Prieto Viso  
(documento asinado electronicamente)

